Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 11 de maio de 2018, adoptou entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

"PUNTO SEXTO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DO CONTRATO DE OBRA SANEAMENTO EN CASTRIGO. POS 2016

O acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi adoptado en sesión de Xunta de Goberno Local de data 22 de marzo de 2018 e notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar e os demais participantes no procedemento de licitación.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar o contrato de obra Saneamento en Castrigo.

Visto o informe favorable con observacións que emite Intervención Municipal de data 8 de maio de 2018 (informe 153/2018).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar a realización da obra Saneamento en Castrigo á empresa **Excavaciones José Varela Iglesias SL,** con CIF B-15510076, e nas seguintes condicións:

A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de cento corenta e nove mil novecentos noventa e cinco euros e setenta e catro céntimos **(149.995,74 euros)**sen IVE.

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a contía de trinta e un mil catrocentos noventa e nove euros e once céntimos **(31.499,11 euros).**

C. Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de **6 meses**, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

D.- Nomear como director de obra e coordinador de seguridade e saúde da obra saneamento en Ventosa ó enxeñeiro de camiños, da empresa Estudio Técnico Gallego SA, Julio C. Rojo Martínez.

E.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo.- Notificar aos interesados e aos departamentos municipais afectados..

Terceiro.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, a once de maio de 2018, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace
O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria

C.I.F.: P – 1500200 – I

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
www.concellodeames.gal
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925